

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN do 20 de outubro de 2022 pola que se contrata persoal laboral fixo na categoría profesional de especialista de oficios (xardineiro), grupo IV.1, en virtude de probas selectivas convocadas pola Resolución do 25 de marzo de 2021.

De conformidade coa proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas convocadas pola Resolución do 25 de marzo de 2021 (*Diario Oficial de Galicia* do 14 de abril) para cubrir con persoal laboral fixo unha praza da categoría profesional especialista de oficios (xardineiro), grupo IV.1, unha vez comprobado que a persoa seleccionada reúne os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria e de conformidade co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta feita polo tribunal cualificador e contratar como persoal laboral fixo na categoría profesional de especialista de oficios (xardineiro), a persoa que superou o proceso selectivo pola quenda de acceso libre e que se relaciona no anexo desta resolución.

Segundo. A persoa seleccionada formalizará o seu contrato ante o Servizo de Xestión de Persoal, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer o dito recurso contencioso-administrativo mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 20 de outubro de 2022

Antonio López Díaz
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

CVE-DOG: pqzascs6-mei1-cea4-ogr5-emjc1lx2ud28



ANEXO**Quenda de acceso libre**

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Código	Denominación e unidade de adscrición do posto	Quenda	Campus	Observacións
1	***9959**	Otero Pazo, Álvaro	PL000713	Especialista de oficios (xardineiro), Área de Operación de Infraestruturas	Mañá	Compostela	Permiso conducir B/curso básico de aplicador e manipulador de produtos fitosanitarios

CVE-DOG: pqzasc6-mei1-cea4-oqr5-emjc1x2ud28

